

## Reunión Ordinaria da Comisión de Titulación do Grao en Enxeñaría Química

**Data:**

14-02-19

**Orde do día:**

1. Modificación horas seminarios asignatura Matemáticas

**Asistentes:** M. Freire, R.A. Guerra A. Mosquera, F. Omil, M.C. Palacios

**Excusan a súa  
asistencia:**

O día 14 de febreiro ás 11:15 h na Sala X3.2 da ETSE, reúnese a Comisión da Titulación do Grao en Enxeñaría Química cos asistentes que se indican.

### 1. Modificación horas seminarios da materia de Matemáticas

1.1. A Comisión do Grao en Enxeñaría Química, reunida o 14 de Febreiro de 2019, despois de analizar a solicitude enviada polo Departamento de Matemática Aplicada con data 11 de Febreiro de 2019 na que solicita:

- Transformar na materia de “Matemáticas” do grao en Enxeñaría Química, e por cuadrimestre, as 5 horas de Laboratorio en 3 horas de Seminario e 2 Expositivas.

Informa

Que a modificación está ben xustificada e por tanto propón que se realice. Sen embargo dado que o grao de Enxeñaría Química ven de ser acreditado pola IChemE e co fin de garantir que o PDA se axuste á Memoria de Seguimento do Grao, este cambio farase efectivo despois de realizar este cambio en dito documento. Polo tanto a modificación antes mencionada será incluída na elaboración da vindeira Memoria de Seguimento do Grao e farase efectivo a partir do curso 2020-2021.

1.2. A Comisión do Grao en Enxeñaría Química, reunida o 14 de Febreiro de 2019, despois de analizar a solicitude enviada polo Departamento de Matemática Aplicada con data 12 de Febreiro de 2019 na que para a materia de “Matemáticas”

1. Propoñen a redución dun grupo de seminario, é dicir, conformar 2 grupos, tal e como se está a facer nos últimos anos.


2. Solicitan, se é posible, reducir o número de grupos de titorías, igualándoo ao número de grupos de laboratorio.

Informa para ambos casos

Que o procedemento de elaboración de PDA xa contempla unha distribución que xa se axusta ás necesidades de distribución de grupos e polo tanto os cambios solicitados non proceden.

Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a xuntanza ás 12:00 h

En Santiago de Compostela, a 14 de febreiro de 2019



Asdo.: Anuska Mosquera Corral

Coordinadora do Grao